

TIPOS DE MAIOS



1. **RAMOS DE MAIO:** Eran ramos pequenos que os rapaces facían e que ofrecían á xente pedíndolle lambonadas en troco. Hoxe xa non perviven.



2. **MAIOS HUMANOS:** Neste caso o maio é unha persoa, comunmente un neno, que é cuberto de ramallos e flores. Ten manifestacións parellas en Inglaterra, Austria, Cataluña ou Portugal e hoxe soamente se conservan na nosa Terra en Portomarín, inda que se sabe que saían a primeiros de século en lugares como Santiago, A Coruña, Ribadeo, Viana do Bolo ou O Porto do Son. As cantigas que cantan os nenos carecen de crítica e as letras, as mesmas tódolos anos, falan do rexurdir da natureza ou piden ás xentes lambetadas e froitos, normalmente castañas. En moitos dos lugares onde antes saían maios humanos rexurdiron nos últimos anos como maios figurados: O Barco de Valdeorras, Santiago, Carballiño, etc.



3. **MAIOS FIGURADOS:** O maio está formado por unha figura cónica ou piramidal cuberta con ramallos e flores. As veces tamén poden adoptar formas varias, como monumentos locais, personaxes populares, etc. As cantigas que interpretan os nenos teñen letras distintas cada ano e fan referencia á louvanza da primavera, ó interese por gañar os concursos organizados polas institucións locais ou asociacións culturais, pero máis que nada conteñen críticas ás autoridades polo seu mal goberno. Son especialmente coñecidos os de Pontevedra, Ourense, Redondela, Marín e Poio, inda que hoxe é o tipo de maio máis espallado e está estendéndose por lugares onde xa se perdera o costume.



4. **AS MAIAS:** Moi abundantes antigamente, inda que tamén moi perseguidas polas autoridades civís e relixiosas. En Galicia localizábanse nas vilas e cidades, en dúas versións:

MAIAS MAGAS: Constituídas por un grupo de nenas pequenas levando un arco enfeitado con flores e fitas de cores, debaixo do cal andaba unha nena, a Raíña do Maio; ceibaban cantigas anunciadoras da primavera e da vida, pedindo froitos e diñeiro. *MAIAS CRISTIÁS:* Aínda que tamén usaban elementos vexetais, os seus elementos (copias, adobíos) estaban cheos de símbolos cristiáns e pedían diñeiro para algún santo. Nunhas ocasións facían as súas peticións a carón dun altarción engalanado con flores e que amosaba a imaxe dalgún santo, e noutras andaban percorrendo as rúas da vila.